

THOMAS HARDY

Jude o escuro

Traducido por María Fe González Fernández



Hugin e Munin

1

O mestre de escola marchaba da poboación e todo o mundo o lamentaba. O muiñeiro de Cresscombe emprestoulle un carro-mato pequeno, branco e cun toldo e mais un cabalo para que levase as súas pertenzas á cidade de destino, que quedaba a trinta e dous quilómetros, pois aquel vehículo era do tamaño axeitado para transportar os seus efectos. A casa da escola fora en parte amoblada polos administradores, e o único obxecto voluminoso que posuía o mestre, á parte da caixa de libros, era un piano vertical que mercara nunha poxa o ano que pensara aprender música instrumental. Mais, des que lle pasara a ansia inicial, perdera as ganas de avezarse na música e o piano acabou por converterse nun molesto armatoste cada vez que se mudaba de casa.

O párroco, que era un home ao que non lle gustaban os cambios, non andaba aquel día por alí. Non tiña intención de regresar até á noitiña, unha vez chegase e se instalase o novo mestre e todo volveuse á normalidade.

O ferreiro, o alguacil e o mestre mesmo ficaron de pé no salón en actitude perplexa perante o instrumento. O mestre comentara que, aínda que o desen metido no carro-mato, non sabería que facer con el cando chegase a Christminster, a cidade á cal o enviaran, xa que ao principio collería un aloxamento temporal.

Un rapaz de once anos, presente durante a embalaxe con aire pensativo, uniuse ao grupo de homes e, cando viu que estes tocaban o queixo con preocupación, dixo, arrubiando ao oír o son da súa propia voz:

—A miña tía ten un alboio grande, quizabes podería gardarse alí até que se atope un sitio para el, señor.

—Boa idea —dixo o ferreiro.

Decidiron que mandarían unha delegación á casa da tía do rapaz —unha vella veciña solteirona— para preguntarlle se podían gardar o piano até que o señor Phillotson pedise que llo enviasen. O ferreiro e o alguacil foron ver as posibilidades do cabanel suxerido mentres deixaban sós o rapaz e o mestre.

—Dáche mágoa que marche, Jude? —preguntou este último con tenrura.

Os ollos do rapaz enchéronse de bágoas. Non era el un daqueles estudantes da clase diúrna que se achegan decote á vida do mestre, senón un alumno que asistira á clase nocturna só durante o tempo que o mestre ensinara naquela escola. Os estudantes habituais, a verdade sexa dita, atopábanse lonxe naquel momento, como certos históricos discípulos, e pouco dispostos a calquera ofrecemento entusiasta de axuda.

O rapaz abriu con apuro o libro que levaba na man, un volume que o señor Phillotson lle regalara como galano de despedida, e admitiu que sentía moita mágoa.

—Eu tamén —dixo o señor Phillotson.

—Por que marcha, señor? —preguntou o rapaz.

—Ai..., sería un conto moi longo. Non comprenderías as miñas razóns, Jude. Se cadra cando sexas máis grande...

—Penso que tamén podería agora, señor.

—Está ben, pero non llo digas a ninguén. Sabes o que é a universidade e un título universitario? É o selo necesario que precisa un home que quere ser alguén no ensino. O meu soño é licenciarme na Universidade e despois ordenarme. Ao que vaia vivir a Christminster, ou pola contorna, estarei na cerna do saber, coma quen di, e, se o meu proxecto ten algunha oportunidade, penso que estando alí terei máis posibilidades de levalo a cabo que se permanezo noutro sitio.

O ferreiro e o seu compañeiro volveron. O alboio da vella señorita Fawley non tiña humedén e accedíase a el con facilidade;

